



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO PROPOSTA

Expte: 1419/1102

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

ANTECEDENTES

En data 13.04.2023 [REDACTED] solicita acceso a información pública en materia de resolucións de permutas de praza / posto de traballo entre Policias Locais de diferentes Administracións Publicas, onde se vea su fundamentación xurídica, dende o ano 2010 (incluído este).

En data 18.04.2023 solicitouse informe á área de RRHH e Formación.

En data 2.05.2023 a área de RRHH e Formación emite informe .

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "*Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*"

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de

Copia do documento - Concello de Vigo 1419-1102	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 1 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

Segundo o criterio do Consejo de Transparencia e Buen Gobierno *".. la Ley delimita el ámbito material del derecho - a partir de un concepto amplio de información, que abarca tanto documentos como contenidos específicos y que se extiende a todo tipo de "formato o soporte", a la vez que acota su alcance exigiendo la concurrencia de dos requisitos vinculados con la naturaleza "pública" de las informaciones: (a) que se encuentren "en poder" de alguno de los sujetos obligados por la ley, y (b) que hayan sido elaboradas u obtenidas "en el ejercicio de sus funciones"*. A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG). Neste senso o Tribunal Supremo en Sentenza n.º 1547/2017, do 16 de outubro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Tercera): *"La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013, como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información. [...] Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley..."* (Fundamento de Derecho).

SEGUNDO.- O solicitante interesa o acceso a información pública sobre posibles resolucións sobre permutas de prazas/postos de traballo entre praza / posto de traballo entre Policía Local de diferentes Administracións Públicas, onde se vea su fundamentación xurídica, dende o ano 2010 (incluído este).

En data 02.05.2023, conforme o artigo 19 da LTAIBG emítase informe do servizo xestor da información solicitada, área de RRHH e Formación

"2.-O solicitante ten a condición de interesado segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no procedemento de permuta seguido co número de expediente 39604-220 e posterior solicitude seguida co número de expediente 41598-220.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 2 de 6
1419-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Constan as seguintes solicitudes de información do solicitante:

- *solicitud de información pública formulada por d. B. [REDACTED] (nº W748961-4529) en data 17/08/2022, do seguinte tenor literal:*
"Resoluciones completas (con los fundamentos jurídicos que se aplicaron) de permutas de puestos de trabajo y/o plazas realizadas desde el 2007 entre este Concello y otras Administraciones Publicas (dentro y fuera de Galicia), excluyendo todas las de Policías Locales".
- *Consta solicitud de información de idéntico contido solicitada por interesado no mesmo procedemento de permuta (doc. W702514-1928).*
- *Solicitud de acceso á información pública formulada por B. [REDACTED] segundo o seguinte tenor literal: " ..solicitud de acceso á información pública rexistrada con data 07/11/2022, por D. B. [REDACTED] na que solicita "acceso ao expediente 21983/220 (Reestructuración SPEIS) e todos os seus informes: Informe Avaliación e Formación de RR.HH., do 2.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos; Acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 29 de decembro do 2010, proposta polo servizo; Informe emitido polo Oficial Subxefe do SEIS en data 01/04/2011 e informe da Xefatura de Seguridade e Tráfico de data 29/04/2011".*

En relación á solicitud de informe formulada pola presente e ao abeiro do disposto no artigo 172.2 do Real Decreto 2568/1986, de 18 de novembro, cómpre emitir o presente informe.

II.- MARCO NORMATIVO

De conformidade co artigo 12 da LTBG, respecto ao dereito de acceso á información pública: "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley". Entendéndose por información pública segundo o artigo 13 "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."

*Pola súa banda o **artigo 13** da Lei de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno, establece o concepto de información pública entendido como dereito de acceso: Se entende por información pública los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.*

*Pola súa banda o **artigo 18** da Lei de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno establece os límites ao dereito de acceso.*

1.- Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 3 de 6
1419-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Referidas a información que tenga carácter auxiliar o de apoio como la contenida en notas, borradores, opinións, resúmenes, comunicacións e informes internos o entre órganos o entidades administrativas.

c) Relativas a información para cuya divulgación sea necesaria una acción previa de reelaboración.

d) Dirigidas a un órgano en cuyo poder no obre la información cuando se desconozca el competente.

e) Que sean manifiestamente repetitivas o tengan un carácter abusivo no justificado con la finalidade de transparencia de esta Ley.

2. En el caso en que se inadmita la solicitud por concurrir la causa prevista en la letra d) del apartado anterior, el órgano que acuerde la inadmisión deberá indicar en la resolución el órgano que, a su juicio, es competente para conocer de la solicitud.

II.- CONCLUSIONES

Debemos acudir ao concepto e contido de información pública conceptualizado como dereito de acceso e delimitado no artigo 13 da Lei de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno.

-En todo caso debe lembrarse que en ningún caso responderán ao concepto de información pública aos efectos do dereito recoñecido pola Lei de Transparencia e Bo Goberno as solicitudes de información acerca de "como levar a cabo un determinado trámite administrativo, nin as consultas sobre o funcionamento habitual da Administración, nin as relativas á determinación da normativa que resulta aplicable nun determinado expediente ou actividade administrativa, nin as que exixen motivacións adicionais sobre actos xa ditados, nin la formulación de queixas ou suxestións". Tales peticións de información non responden ao obxecto propio da Lei de Transparencia.

-Debe considerarse igualmente aos efectos do apartado e) do artigo 18 as solicitudes formuladas polo solicitante (nº W748961-4529) en data 17/08/2022:

"Resoluciones completas (con los fundamentos jurídicos que se aplicaron) de permutas de puestos de trabajo y/o plazas realizadas desde el 2007 entre este Concello y otras Administraciones Publicas (dentro y fuera de Galicia), excluyendo todas las de Policías Locales".

-solicitud de acceso á información pública formulada por B. [REDACTED] segundo o seguinte tenor literal: " ..solicitud de acceso á información pública rexistrada con data 07/11/2022, por D. B. [REDACTED] na que solicita "acceso ao expediente 21983/220 (Reestructuración SPEIS) e todos os seus informes: Informe Avaliación e Formación de RR.HH., do 2.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos; Acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 29 de decembro do 2010, proposta polo servizo; Informe emitido polo Oficial Subxefe do SEIS en data 01/04/2011 e informe da Xefatura de Seguridade e Tráfico de data 29/04/2011".

- Tendo presentes as anteriores observacións, concluímos non obstante, que procede a solicitud de información formulada por d. B. [REDACTED] a esta Administración respecto ás propostas solicitadas dando acceso previa disociación dos datos de carácter persoal que figuran nas resolucións.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 4 de 6
1419-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, procédese a facilitar acceso a documentación a d. B. [REDACTED] das resolucións de permuta de policía locais desde o ano 2010, todo segundo resulta s.e.u.o do programa de xestión de expedientes e busca documental do arquivo, a través do seguinte enlace:

<https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/LTzayDg2NyCBfmm>

Polo exposto procede facilitar ao interesado as resolucións remitidas pola área de RRHH e Formación.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Facilitar a [REDACTED] a información solicitada á que poderá acceder a través do seguinte enlace <https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/LTzayDg2NyCBfmm>

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

TERCEIRO.- Dar traslado á Comisión de Transparencia de Galicia

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 5 de 6
1419-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:16	Páxina 6 de 6
1419-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		